

Tribunal cualificador das probas selectivas convocadas para cubrir prazas da categoría profesional de técnico/a de servizos xerais pola quenda de promoción interna, da USC, convocadas por Resolución Reitoral do 5 de abril de 2024 (DOG nº77 do 18.04.24).

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo da categoría profesional de técnico/a de servizos xerais pola quenda de promoción interna da Universidade de Santiago de Compostela, en aplicación do disposto na base 5.8 da Convocatoria:

“O tribunal adoptará as medidas precisas para que as persoas aspirantes a que se refire o número 3.7 participen en condicións de igualdade. Para tal efecto, o órgano de selección poderá requirir un informe e, se é o caso, a colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou de asuntos sociais”.

Vistas as peticións de adaptación solicitadas e, tendo en conta os informes emitidos polas correspondentes Seccións de Cualificación e Valoración de discapacidades da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o Tribunal acordou:

- Resolver favorablemente dúas solicitudes de adaptación presentadas.
- Comunicar de xeito individualizado a cada aspirante que solicita adaptación o resultado da súa solicitude, con detalle da adaptación que se concede. Esta comunicación farase por medio de posta a disposición de notificación electrónica ao enderezo de correo electrónico que figura nas solicitudes dos interesados.
- Facer pública a relación de adaptacións concedidas sen que figure a identidade dos aspirantes, tendo en conta as disposicións contidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais que adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e a libre circulación deses datos:

ADAPTACIÓNS CONCEDIDAS
Facer o exame con ordenador de 24”, texto en alto contraste, no caso de que haxa imaxes serán descritas, plantilla con tamaño letra arial 26 e ampliación de tempo (90 minutos e 15 minutos para as probas 1ª e 2ª do primeiro exercicio respectivamente, 95 minutos para o segundo exercicio e 90 minutos para o terceiro exercicio)
Adaptación de ampliación de letra (non inferior ao 16)

Santiago de Compostela, na data e lugar da sinatura electrónica
O presidente do Tribunal
José Ángel Carrillo Presedo

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE ANGEL CARRILLO PRESEDO, NIF ***7216**, 26/12/2024 11:30:08.

CSV: 8060-C889-4DE1-A862